

Curso de francés. Nivel A2

Organízanse dous tipos de cursos, cursos cuadrimestrais e intensivos:

TIPO: Cuadrimestral

DURACIÓN: 110 horas dividido en dous cuadrimestres de 55 horas cada un:

- 1º cuadrimestre (setembro-décembro) – A2.1
- 2º cuadrimestre (xaneiro-maio) – A2.2

LUGAR: Campus de Vigo

EXAME: realízase un exame de nivel ao finalizar o segundo cuadrimestre

TIPO: Intensivo. Os cursos intensivos convócanse principalmente no período estival.

DURACIÓN: 80 horas dividido en dous niveis:

- Nivel A2.1 (40 horas)
- Nivel A2.2 (40 horas)

LUGAR: Campus de Vigo.

EXAME: Exame de nivel ao final do nivel A2.2

Obxectivos

Adquirir coñecementos elementais de lingua francesa. Dirixido a persoas con coñecementos previos da lingua.

De acordo co Marco Común Europeo de Referencia (MCER) o Nivel A2 adquirese cando o/a estudante é capaz de comprender frases e expresións de uso frecuente relacionadas con áreas de experiencia que lle son especialmente relevantes (información básica sobre si mesmo e a súa familia, compras, lugares de interese, ocupacións, etc.); cando sabe comunicarse á hora de levar a cabo tarefas simples e cotiás que non requiran máis que intercambios sinxelos e directos de información sobre cuestións que lle son coñecidas ou habituais; e cando sabe describir en termos sinxelos aspectos do seu pasado e a súa contorna, así como cuestións relacionadas coas súas necesidades inmediatas.

Como acceder

Nivel A2.1: ter coñecementos elementais da lingua, ter o nivel A1 ou realización de proba de nivel.

Nivel A2.2: ter coñecementos elementais da lingua, ter cursado A2.1 ou realización de proba de nivel.

Certificados

CERTIFICADO DE ASISTENCIA: é preciso asistir ao 85 % das clases

CERTIFICADO DE NIVEL: é preciso superar o exame do curso

Prezos por cuadrimestre (IVE inc.)

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 215 €

Público en xeral: 260 €

Prezos curso intensivo

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 156 €

Público en xeral: 190 €

Outros datos de interese

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección pola Universidade de Vigo.

* Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.